

A SILVEIRA

Ía un xastre, ás altas horas da noite, por unha congostra. A noite era pecha coma a boca do lobo. Non se vía nada e o xastre ía un pouco temeroso, abrigado coa súa capa, guiándose soamente polo ben que coñecía o camiño do moito que o tiña andado.

Ao chegarse dunha vez a rentes dunhas das paredes que abeiraban a congostra, prendéuselle a capa nunhas silvas e tivo que parar.

O xastre pensou que era que o agarraban e, cheo de medo, primeiro calou, mais despois, emprincipiou a suplicar:

—¡Ai, señor, déixeme...! ¡Déixeme marchar que son un pobre xastre!

A silva seguía agarrándoo.

—¡Señor, déixeme ir, que son un pobriño...! ¡Por Deus déixeme ir e non me faga mal...! ¡Mire que eu non lle teño diñeiro ningún, nin cousa que o valla...! ¡Sólteme, señor, polo amor de Deus, pola alma de quen teña no outro mundo!

A silva seguía agarrando. O xastre calaba un instante e logo volvía pregar a laiarse, sen se atrever a rebulir nin sequera a dar volta á cabeza.

Así pasou moito tempo ata que por fin emprincipiou a vir o día. Cando xa se comezaba a albiscar algo, o xastre, moi a gustiño, foi virando a cabeza para atrás e ollou por enriba do ombreiro...

Ao ver que era unha silva quen lle prendera a capa, pillou as tesoiras e emprincipiou a cortar nas varas da silveira dicindo enrabechado:

—¡Se foras un home igual che facía!